



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

# PROGRAMA DE TRANSFORMACIÓN Á DOCENCIA INNOVADORA NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

## ÍNDICE

1. Introducción
2. Medidas sanitarias
3. Organización académica
4. Infraestruturas legadas á docencia
5. Plan de formación en competencias dixitais do PDI
6. Implantación da formación *blended* no SUG: Deseño, planificación, coordinación e monitorización do proceso de transformación
7. ACSUG
8. Convenios de financiamento
9. Cronograma
10. Seguimento e avaliación

## 1. Introducción

Sinalaba hai uns anos, o doutor Germán Sierra: «*España es un país dominado por la idea de hacer exámenes, dominado por la teoría*» (La Voz de Galicia, 31-05-2009). O pensamento é igualmente válido once anos despois; e cando pasaron máis de dúas décadas da declaración de Bolonia (19-6-1999).

A declaración da Organización Mundial da Saúde de pandemia global ao Covid-19 o 11 de marzo de 2020, e a posterior declaración de estado de alarma polo Goberno de España tres días despois, provocou unha convulsión en toda a sociedade, e, loxicamente, no Sistema universitario de Galicia.

De maneira inmediata, mediante resolucións reitorais ditadas o 14 de marzo de 2020, as universidades galegas resolveron o peche temporal das súas instalacións a partir do 16 de marzo o que supuxo a suspensión da totalidade de actividades presenciais. Dende ese momento a normativa interna emitida e as decisións dos órganos colexiados, permitiron ordenar un feito imprevisto e de consecuencias devastadoras a nivel social e académico.

Nas seguintes semanas, continuou a adaptación á nova situación segundo estendíase o tempo de vixencia do estado de alarma mediante sucesivas prórrogas.

A realización de reunións periódicas entre Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e os responsables das institucións universitarias permitiu intensificar a coordinación e homoxeneización do sistema, en temas tan cruciais como o mantemento do período lectivo baixo docencia non presencial, a adaptación dos calendarios de exame e os sistemas de avaliación, e o desenvolvemento das adaptacións das guías docentes vixentes para cada unha das titulacións universitarias oficiais impartidas en Galicia.

Unha vez rematado este traballo, que supuxo un gran esforzo por parte do persoal das universidades, e que permitirá rematar o curso académico 2019-20, nunhas condicións moi razoables, semella o momento idóneo para, cara ao vindeiro curso 2020-21, dar un salto inda maior que aproveite, estenda e consolide todo o labor formativo e de emprego masivo de ferramentas informáticas de comunicación polo profesorado universitario.

O EEES no que está integrado o noso sistema universitario ten entre os seus obxectivos, o de converter ao alumnado no centro do proceso ensino-aprendizaxe. Deste xeito o profesorado transfórmase de transmisor oral e directo de coñecemento en asesor, mentor, e orientador. O seu traballo principal consiste en que o alumnado ao seu cargo sexa quen de adquirir unha serie de competencias que lle sexan útiles no seu futuro profesional.

O presente programa trata de favorecer e consolidar ese cambio estrutural na docencia, facendo da necesidade virtude, e incentivando ao persoal docente das universidades a culminar un proceso iniciado formalmente hai tempo, coa implantación dos graos universitarios.

Debemos afrontar unha serie de dificultades: non dispoñemos de moito tempo ante o inicio dun novo curso académico, non existe experiencia previa nun proceso como o que agora se inicia.

En consecuencia, para asegurar a efectividade da posta en marcha deste programa, establécense prazos máis breves do habitual co obxecto de proceder a adaptación e preparación axeitada dos recursos humanos e materiais necesarios con carácter previo ao inicio do curso académico 2020/2021.

Estrutúrase a execución do programa en dúas fases:

1ª) **Fase piloto:** Curso 2020/2021. Caracterizada pola voluntariedade. Os centros que decidan adherirse ao programa neste momento comprométense a impartir integramente as materias dun título de grao mediante o sistema de docencia mixta (*blended*).

2ª) **Fase de xeneralización:** Curso 2021/2022. Caracterizada pola implantación deste sistema de docencia mixta (*blended*) na maioría das titulacións de grao universitario impartidas polas universidades do SUG.

A transformación estrutural que se pretende acadar con este programa é un proceso complexo e solo pode afrontarse dende unha perspectiva multidimensional na que se fai imprescindible a integración de diversas actuacións máis aló da estritamente docente, e abrangue medidas de carácter sanitario, tecnolóxico, de avaliación e financeiro.

## 2. Medidas sanitarias

A pandemia de COVID-19 ten inevitables consecuencias nos comportamentos cotiáns da sociedade e, obviamente da comunidade universitaria.

En adiante é imprescindible levar a cabo medidas de prevención e hixiene sanitaria nos centros universitarios, que deben estar activas no momento do inicio do curso académico 2020/2021, debendo respectar os protocolos ditados polas autoridades sanitarias.

Con todo, os centros que voluntariamente decidan adherirse ao presente programa, na súa Fase piloto, deberán reforzar estas medidas e incluír na súa solicitude de adhesión un plan de prevención para cada facultade, que se axuste na súa integridade, á *Guía de recomendacións para unha universidade segura*, elaborada polo SERGAS e cuxo contido especificase de seguido.

### **GUÍA DE RECOMENDACIÓNS PARA UNHA UNIVERSIDADE SEGURA**

- Obxectivos da guía

- Alcance da guía

- Definicións

- Ámbitos de aplicación das recomendacións propostas

  - A nivel individual

    - Persoal sen contacto cos estudantes.

    - Persoal con contacto cos estudantes

    - Estudantes

    - Profesores

  - A nivel de actividades.

    - Clases e seminarios

    - Prácticas

  - A nivel de instalacións.

    - Laboratorios

    - Deportes

    - Biblioteca

    - Fotocopiadora

    - Despachos/Departamentos

    - Cafetería

  - Limpeza

  - Outros

## **Obxectivos da guía**

1/ Facilitar a elaboración dun plan propio de cada centro/facultade, adaptado á súa situación particular.

2/ Favorecer a detección de casos sospeitosos de covid-19, para realizar unha intervención rápida de cara ao control da transmisión.

## **Alcance da guía**

Expóñense recomendacións xerais a aplicar en calquera centro/facultade.

Non se inclúen recomendacións nin para bibliotecas xerais, nin residencias, nin outros lugares comúns e públicos dos campus.

## **Definicións**

Illamento: Permanecer na casa, evitando saír da habitación, manténdoa ventilada e coa porta pechada. Utilización do propio baño e desinfección tras o seu uso.

Caso sospeitoso: Calquera persoa con cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

Outros síntomas atípicos como a odinofagia (dor de garganta), anosmia (perda do sentido do olfacto), ageusia (perda do sentido do gusto), dor muscular, diarrea, dor de peito, dor de cabeza, entre outros, poden considerarse síntomas dunha sospeita de infección segundo criterios clínicos.

Contacto estreito: Toda persoa que, desde dous días antes de que o caso sospeitoso comezase cos síntomas ata que acabe o illamento, estivo con ela sen protección adecuada a menos de 2 metros durante, polos menos, 15 minutos.

En xeral, considérase contacto estreito a toda persoa que convive co caso sospeitoso. Tamén é contacto estreito calquera persoa que estivese no mesmo lugar que un caso, a unha distancia menor de 2 metros e durante máis de 15 minutos.

Corentena: Permanecer na casa, facendo vida normal (a diferenza do illamento que debe realizarse sen saír da habitación) pero mantendo a distancia de seguridade de polo menos 2 metros co resto dos convivintes.

Hixiene respiratoria: Medidas para conter as secrecións respiratorias en individuos con signos ou síntomas de infección respiratoria. Entre elas inclúense cubrirse o nariz ou a boca con pano desechable ao tusir ou esberrar, tirar o pano no cubo de lixo máis próximo e posteriormente facer hixiene de mans tras estar en contacto con secrecións respiratorias e obxectos ou materiais contaminados. En caso de tusir, facelo na parte interna do cóbado.

## **Ámbitos de aplicación das recomendacións propostas**

A pandemia de COVID-19 supuxo unha das crises máis importantes dos últimos tempos.

De cara ao control da difusión na transmisión do SARS-CoV-2 é fundamental minimizar riscos en lugares con alto potencial de contaxio, como lugares pechados e públicos onde se produce unha gran concentración de persoas, como é, tal e como se entende ata o de agora, a universidade.

Así, neste ámbito as recomendacións para poñer en marcha establécense en 5 ámbitos:

### **A nivel individual**

Estableceranse programas de introdución e accións formativas obrigatorias sobre medidas preventivas de Covid-19, para todos os individuos que teñan contacto coa universidade antes do comezo/continuación das actividades (que deben incluír recomendacións xerais para aplicar na vida cotiá e crear hábitos saudables e de minimización de riscos).

Ademais, terán información de fácil visualización e acceso (cartelería, cartafoles con mensaxes informativas, etc), así como plataformas *online* de consulta.

Evitaranse os saúdos de cortesía que requiran contacto físico como bicos, abrazos ou estreitarse as mans.

Recoméndase vixilancia de síntomas; non acudir ao centro/facultade se se presenta calquera síntoma/sigo suxestivo de infección e, nese caso, consultar cun médico

Identificarase un coordinador, responsable de asegurar o correcto establecemento das medidas a adoptar.

### *Todas as categorías*

Ninguén debe acudir ao centro con síntomas de infección respiratoria de calquera tipo e/ou algún dos seguintes síntomas: febre, tose ou falta de alento, dor de cabeza, perda de cheiro e/ou gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansanzo xeneralizado.

Debe existir un protocolo para que todos os que teñan algún síntoma teñan clara a actuación a seguir: illamento (na súa habitación), chamada telefónica a un profesional sanitario que debe avaliar a situación e avisar ao centro/ facultade (para o que deberá habilitarse un correo, cuxa dirección electrónica darase a coñecer e difundirse de forma masiva). Para garantir a atención por parte dun profesional sanitario, valorarase a capacidade de resposta do equipo médico da universidade ou, no seu caso, indicarse a os alumnos a necesidade de que soliciten un médico de desprazados desde o primeiro momento.

Ademais, o protocolo establecerá que a persoa que teña algún síntoma avise aos seus contactos estreitos para que, ata que se confirme ou descarte a situación, tampouco vaian a clase.

No caso de que a residencia habitual do caso sospeitoso ou dos seus contactos non estea habilitado para seguir o illamento ou a corentena, respectivamente, a universidade facilitaralles un lugar adecuado para iso.

Non poderá incorporarse ás clases nin aos seus postos de traballo ninguén que estea en illamento nin en corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algún caso (sospeitoso ou confirmado). Nese caso, o centro/facultade establecerá as medidas necesarias para que a situación afecte o menos posible á súa activade laboral ou académica. No suposto dun contacto estreito cun caso sospeitoso, ata que se descarte; se se confirma, ou se o caso é confirmado, ata que finalice o illamento ou corentena (segundo estableza saúde pública).

Hixiene de mans (correcta en forma e tempo): ante todo cambio de local e/ou actividades.

Etiqueta respiratoria.

Distancias de seguridade: sempre a dous metros (dispoñer de marcas no chan que marquen a distancia para entrar no centro/facultade, para entrar nas clases, na cafetería, nos laboratorios, etc). Entrada e saída graduada (intervalo de 15-30 minutos)

Limpeza e desinfección do centro/facultade unha hora antes do inicio do horario lectivo.

*Persoal sen contacto con os estudantes*

Aplicar normas e recomendacións establecidas para os funcionarios da administración xeral.

Se non se pode manter a distancia de seguridade, traballarase en quendas.

Nas salas de traballo administrativo de uso compartido, limitarase a ocupación de modo que se garanta a distancia de 2 metros de seguridade. En caso de non ser posible, evitarase a utilización simultánea da sala. Estará prohibido compartir calquera tipo de obxecto de escritorio.

*Persoal con contacto con os estudantes*

Aplicar normas a funcionarios da administración xeral con contacto co público/estudiante.

Minimizar o contacto presencial, favorecendo a interacción telemática.

Instalar biombos de protección nos postos de atención das oficinas.

### *Estudantado*

Obrigatoriedade de acudir a clase cunha máscara cirúrxica. Serve calquera, pode ser caseira, pero non pode ter válvula.

Lavado de mans e/ou limpeza con solución hidroalcohólica: ao entrar no edificio; ao entrar na aula; ao entrar na cafetería; etc.

Non permitir a formación de círculos en ningún lugar do centro/facultade. A distancia debe ser sempre de polo menos 2 metros.

Establecer distancia mínima en clase de 2 metros entre alumnos en todas as direccións.

### *Profesorado*

Fomento da actividade telemática sempre que sexa posible.

Nas clases presenciais distancia de 3 metros ao alumno máis próximo e/ou primeira fila.

Utilización de micrófonos e materiais similares de uso exclusivo individual. Cada profesor terá o seu paquete de xices para usar o encerado ao impartir a clase.

Entrevistas con alumnos só vía telemática.

Valorar establecer unha protección adicional para profesores de máis de 60 anos, e aqueles que presentan determinadas patoloxías de risco (exención ou diminución do número de clases e seminarios presenciais).

Facilitar a posibilidade de traballo en modalidades non presenciais.

### *Outros*

Restringir as visitas externas.

Protocolo para visitas externas que non sexan evitables.

Acceder ao centro preferentemente andando ou mediante transporte individual. No caso de non ser posible e precisar usar ou transporte público, utilizar máscara.

Establecer quendas de entrada e de saída, para evitar as aglomeracións e única porta de entrada e de saída.



## **A nivel de actividades**

Protocolos de circulación nos edificios para facilitar o mantemento de distancias: dirección de ida/volta. Itinerario de circulación nun único sentido para evitar cruces.

### *Clases e seminarios*

Establecer quendas para minimizar o número de alumnos por aula.

Limitar os asentos por fila.

Fomento de actividades non presenciais.

Redución do aforo máximo á metade (e sempre que se permita manter as distancias de seguridade).

Mantemento de distancia mínima de 2 metros entre todos.

Protocolos de limpeza/desinfección de superficies de traballo, computadores, etc. de uso común entre clase e clase.

Non repartir materiais impresos. Non intercambiar documentos. Cada alumno deberá imprimir os seus propios materiais/documentos se fose necesario.

### *Prácticas*

Revisar protocolos de todas as prácticas para garantir que se alcanzan os niveis de protección máis elevados posibles en función das súas particularidades (por exemplo, os aparellos que usan os dentistas xeran aerosois).

## **A nivel de instalacións**

Revisión do sistema de instalación de climatización, asegurando a limpeza ou substitución dos filtros de aire exterior en caso necesario, para maximizar no posible o caudal de ventilación (nota: recoméndase incrementar o caudal de ventilación a 12,5 litros/segundo e persoa para o aforo do establecemento).

Aumentar no posible a ventilación dos espazos con aire exterior.

Recoméndase a ventilación natural unha hora antes da hora de apertura e unha hora despois do peche, especialmente naqueles locais/edificios que non dispoñan de sistemas de climatización con ventilación forzada de aire exterior.

Debe existir xel hidroalcohólico accesible por todo o edificio.

### *Laboratorios*

Revisar protocolos de funcionamento para detectar e corrixir posibles accións con risco de transmisión (é posible que en facultades como Farmacia ou como o departamento de Microbioloxía de Medicina teñan establecidos xa sistemas nesta liña).

A roupa debe manipularse o menos posible, enrolala sen airear e levala directamente á lavadora, lavándoa polo menos a 60 °C durante, polo menos, 30 minutos.

### *Deporte*

Eliminar a práctica de deporte colectivo salvo nos casos nos que se trate dun requisito docente.

### *Biblioteca*

Limitar o aforo ao 30%. Manipulación do material con luvas. Os libros devoltos non deben desinfectarse, dada a variación en canto a composición dos mesmos e o seu posible dano, senón que deben illarse uns doutros durante polo menos 14 días. Limitar os asentos por mesa.

Estudárase a conveniencia de instalar biombos de separación nos mostradores de atención ao público.

Nos mostradores de atención ao público pódese sinalizar o chan cunha liña de espera que marque a distancia de seguridade.

Garantir a ventilación do edificio da biblioteca.

### *Fotocopiadora*

Non debería permitirse a fotocopiadora automática porque é un punto de contacto múltiple.

A fotocopiadora con persoal debe ter un biombo de separación se non se pode garantir a distancia de 2 metros. Protocolo específico.

Manipular as fotocopiadoras e impresoras comúns con luvas ou, na súa falta, desinfectalas con solución hidroalcohólica tras o seu uso. En caso de persoal dedicado para iso, colocar biombos protectores que sirvan de separación cos estudantes, así como a colocación de liñas adhesivas no chan que lembren os 2 metros de distancia de seguridade.

### *Despachos/Departamentos*

Retirar dos departamentos aparellos de uso común como cafeteiras, microondas, neveiras, etc. ou, no seu caso, de uso restrinxido a un número de persoas limitado.

No caso de que varias persoas vaian usar o mesmo teléfono, é recomendable usar o sistema de mans libres ou sistemas que permitan a individualización da súa utilización e, de non ser posible, límpalos despois de cada uso.

A disposición dos postos de traballo, a distribución dos espazos, etc acondicionarase á menor exposición posible (distanciamento de 2 metros; mesas colocadas de costas; etc).

A entrada aos departamentos non debería de ser cun dispositivo táctil.

Recoméndase non ter alfombras nin moquetas.

### *Cafetería*

Establecer un protocolo para minimizar o contacto cos transportistas. Se é posible, establecer unha zona exclusiva de entrega de pedidos, que se desinfecte entre pedido e pedido. Na medida do posible, eliminarase a embalaxe orixinal e, de non ser posible, se desinfectarán os paquetes a condición de que o material o permita .

Pago con tarxeta ou con móbil. De non ser posible, deberanse desinfectar as mans despois do manexo de billetes ou moedas.

Limitar os asentos por mesa.

### **Limpeza**

Equipos de protección adecuados para o persoal de limpeza.

A limpeza realizarase, polo menos, 2/3 veces ao día, con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, pasamáns, billas, etc., utilizando para iso desinfectantes como disolucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados. Unha limpeza debería de ser pola mañá (¿ou pola noite?), antes da apertura do centro, e unha segunda limpeza ao longo da xornada.

Lembrar a importancia de ventilar/airear adecuadamente.

Dispoñer de papeleiras con tapa e apertura de pedal, distribuídas por todo o edificio. Deberanse limpar polo menos unha vez ao día.

Os ascensores serán obxecto de limpeza continuada. O número de persoas que os utilicen debe ser aquel que permita manter a distancia de seguridade.

Incremento dos niveis de ventilación natural nos lugares que sexa posible levala a cabo, e mantemento ao máximo dos niveis de renovación mecánica de aire.

Manter a ventilación dos aseos permanentemente: 24 horas /7 días en funcionamento. Verificar o correcto funcionamento da extracción de aire nos aseos. Non abrir as xanelas dos aseos para asegurar a dirección correcta da ventilación.

Indicar que os inodoros se descarguen coa tapa pechada. Limpar varias veces ao día os aseos abertos ao público.

Aumentar a frecuencia de limpeza de superficies de traballo como mesas, mostradores, igualmente en pomos das portas, varandas, interruptores da luz, teléfonos, computadores compartidos, aulas de informática, billas, chans, cos produtos de limpeza habituais.

Evitar a limpeza en seco para non remover po, realizarase arrastre húmido (quitar o po que se depositou en mesas ou obxectos con auga e xabón e non con trapos secos). Evitarase varrer e o uso de aspiradoras e utilizaranse mopas de un só uso. Non sacudir.

As bolsas de lixo deberán ser dun só uso.

Unha vez os locais fosen limpados e non vaian ser usados, procederase á sinalización e peche con chave, indicando a data e hora na que se produciu o último peche e a última desinfección.

## **Relación coa Dirección Xeral de Saúde Pública**

Debe existir unha liña de comunicación directa entre o centro/facultade e a Dirección Xeral de Saúde Pública, cunha persoa identificada para ser o referente de contacto.

Comunicarase á Dirección Xeral de Saúde Pública calquera actividade extraordinaria, como congresos, xornadas, etc. para valoración da conveniencia ou non de que se leven a cabo ou, no seu caso, para adecuarse ás recomendacións establecidas desde o Ministerio de Sanidad.

No caso de identificación dun caso, contactarase coa Dirección Xeral de Saúde Pública, e poñerase en marcha o protocolo de actuación específico: illamento do caso; identificación e corentena dos contactos; e trazabilidade do caso buscando a fonte de orixe.

A todo caso sospeitoso realizaráselle unha proba de PCR.

A notificación inicial do caso sospeitoso faraa o propio centro/facultade (logo de ser alertada polo alumno). A notificación formal realizarase, como con calqueira caso, a través do médico solicitante da proba da PCR. Ese aviso chegará á Central de Seguimento de Contactos de Saúde Pública (ou, no seu caso, de non existir a central, á delegación provincial correspondente), quen se poñerá en contacto co caso para realizar a enquisa epidemiolóxica e a lista de contactos estreitos.

O caso (se non require ingreso) será seguido con vixilancia (activa ou pasiva, segundo protocolo de Saúde Pública) durante 14 días, a non ser que xa se descarte co resultado da proba microbiolóxica.

Os contactos estreitos do caso serán contactados; solicitaráselles que realicen corentena na súa residencia habitual e serán seguidos con vixilancia (activa ou pasiva, segundo protocolo de Saúde Pública) durante 14 días, ou ata que o caso sexa descartado.

Illamento e corentena realizaranse na súa residencia habitual, salvo que non estea acondicionada para iso ou non resulte adecuada. Nese caso, a universidade deberá ter previsto e concertado un lugar onde realizala.

A Dirección Xeral de Saúde Pública levará a cabo a investigación epidemiolóxica pertinente para identificar a posible orixe do contacto e establecer, na medida do posible, a cadea de transmisión.

No centro/facultade debería constituírse un equipo multidisciplinar que coordine a actuación no caso de identificación dun positivo entre os alumnos que non viven coas súas familias. Nese equipo deberían incluírse as áreas de saúde mental e servizos sociais, para garantir o benestar psíquico e físico dos estudantes illados ou cuarentenados.

## **Outros**

Suspender todas as actividades que impliquen asistencia numerosas que non sexan imprescindibles.

Elaborar protocolo de utilización de móbiles.

Ao facer uso das escaleiras, débese tentar evitar o contacto con o pasamáns, ou ben lavarse intensivamente as mans tras o contacto con este.

Retirar as máquinas de café que se activan ao tacto. No caso de que non sexa posible, deben desinfectarse as mans antes e despois do seu uso; e a limpeza debe ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo co usuario.

En canto a os dispensadores de auga, recoméndase a non utilización dos dispensadores de auga con botella; no caso de utilizarse, cada usuario debe extremar a hixiene dos obxectos que vaia a utilizar. Non se permite encher botellas directamente embocadas ao chafariz; é obrigatorio lavar con auga e xabón os vasos persoais antes de utilizalos no dispensador; e é obrigatorio limpar con papel desechable e xel hidroalcohólico o pulsador do dispensador antes de ser utilizado. Prohíbese beber directamente de as billas.

Evitar compartir obxectos e, se non se pode evitar, desinfectar despois do intercambio.

Ter previsto un lugar específico onde situar un caso sospeitoso de presentación aguda, contando cun mínimo stock de EPIS que permitan atender adecuadamente ao caso sospeitoso ata que sexa derivado, ben a un servizo sanitario ou ben á súa residencia habitual.

Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas, para evitar o contacto das persoas coas manetas e os pomos. Idealmente serían portas automáticas.

Poderíase valorar dispoñer de felpudos humedecidos cunha solución de auga e lixivia ao 2% para as entradas e saídas ao centro de traballo.

Evitar paso de papel de man en man.

Os aforos máximos serán proporcionais á superficie do local.

As escaleiras marcaranse para asegurar que se cumpre a distancia de seguridade (4-5 chanzos ¿?) e sentido de circulación.

Establecerase un sistema de comunicación a través de listas de distribución de correos, verificando que está vixente de forma periódica.

Nomearanse ás persoas responsables de garantir que sempre estean cheos os dispensadores de xel hidroalcohólico.

Prohibición de comer ou beber nos lugares de traballo.

### **3. Organización académica**

O principal apartado do programa, xa que é a parte visible da universidade perante o alumnado, é a organización académica.

O Plan Bolonia, no cal está integrado o Sistema universitario de Galicia, ten entre outros obxectivos, a modificación das metodoloxías de ensino para que o alumnado asuma un papel máis activo no proceso de aprendizaxe. En consecuencia, é necesario proceder á adaptación dos sistemas de avaliación para avanzar cara a avaliación continua, como complemento ao tradicional sistema de exame final.

Todas as modificacións e innovacións que se introduzan na docencia mediante a adhesión a este programa, avanza neste sentido e chegarán ao alumnado a través da guía docente de cada unha das materias que forman parte do plan de estudos de cada titulación.

O profesorado asumirá o rol de interlocutor e, deste xeito o alumnado percibirá tanto na clase como fóra dela a calidade do persoal docente, a modernidade do ensino e as innovacións introducidas, a xustiza nos criterios de avaliación, e a seriedade na planificación do curso académico.

O certo é que a calidade da docencia é unha preocupación prioritaria e compartida polas autoridades administrativas e académicas, de feito que existen unha serie de normas centradas no seu aseguramento e fomento tanto a nivel estatal como autonómico e na propia normativa interna das universidades.

Ademais, un sistema docente innovador como é o que se pretende implantar no SUG mediante este programa debe ter como protagonista indiscutible o destinatario destas medidas, que non é outro que o alumnado.

O artigo 46.2 d) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades reconece o dereito do estudiantado á publicidade das normas das universidades nas que se regulen a verificación dos seus coñecementos, é dicir, garante o acceso ao programa de cada materia e aos criterios que servirán para avaliar e cualificar a cada un deles.

O Estatuto del Estudiante Universitario, aprobado por Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, recolle especificamente os dereitos de todo alumno e alumna universitario a unha formación académica de calidade, que fomente a adquisición das competencias que correspondan aos estudos elixidos e inclúa coñecementos, habilidades, actitudes e valores; a ser informado das normas da universidade sobre a avaliación; e a unha avaliación, sempre que sexa posible continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe.

A nivel galego, e na mesma liña que a normativa estatal, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, no seu artigo 104 inclúe entre os dereitos do estudiantado os de recibir unha formación de calidade; ser informados e informadas correctamente do contido dos plans de estudos e da forma de superar as distintas materias que formen parte deles; e ser avaliados e avaliadas obxectivamente no rendemento académico a través de métodos e criterios que se farán públicos con antelación, garantindo a existencia de sistemas de revisión.

Pola súa banda, as tres universidades galegas recollen tamén de maneira detallada nos seus estatutos ou en diversa normativa interna os dereitos e deberes do estudiantado entre os que, obviamente está o de dispor dunha programación axeitada do curso. Especialmente relevante neste eido é o decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de

Vigo (DOG, 22-02-19), ao incluír no artigo 64, dentro dos dereitos do alumnado, o de ser avaliado en réxime de avaliación continua e a dispor como alternativa de probas de avaliación global.

Tendo en conta o anterior, a adhesión dunha titulación ao presente programa implicará o seu compromiso de cumprimento dos seguintes criterios e requisitos, como mínimo:

- Sempre existirán dous sistemas de avaliación do alumnado, de libre elección polo estudiantado. A cualificación final máxima non pode variar calquera que sexa o sistema de avaliación elixido.
- Cada guía docente incorporará a posibilidade de aprobar unha materia, xa sexa cuadrimestral ou anual, con anterioridade ao exame final, en caso de habelo. A tal efecto, o exame final, de existir, acadará un valor máximo do 30% da cualificación total.
- Os criterios de avaliación teñen que ser uniformes para os distintos grupos dunha mesma materia.
- O alumnado debe ter acceso *online* á totalidade dos recursos materiais necesarios para superar a materia.
- Non poderán impartirse, de xeito simultáneo, máis da metade das materias de cada cuadrimestre, incorporando intensificacións nos distintos períodos.
- Os exames finais, de habelos, deberán distribuírse ao longo de todo o período lectivo.
- Non haberá exames finais nos sete días posteriores aos períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.
- Sempre que sexa posible, estableceranse sistemas alternativos de avaliación, por motivos de forza maior, para actividades de campo, laboratorio, e prácticas en xeral.
- O sistema de avaliación continua será o sistema por defecto nas guías docentes, e incorporará o máximo de actividades que faciliten a avaliación ao longo de todo o período lectivo.

Antes do comezo do curso académico, o centro responsable da titulación aprobará as correspondentes addendas ás guías docentes de cada materia do grao que serán publicadas e estarán a dispor do alumnado.

As ditas addendas deberán ser remitidas pola vicerreitoría competente en materia de titulacións tanto á Secretaría Xeral de Universidades como á Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia.

Os centros nos que se impartan as titulacións que se integren no programa deberán aprobar un novo horario de clases e calendario de exames para adaptarse aos requisitos anteriormente expostos.

Unha vez presentada a solicitude de adhesión dunha titulación ao programa, o centro no que se imparta recibirá da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a autorización para publicitar interna e externamente a súa condición de CENTRO DOING (DOCENCIA INNOVADORA DO SUG).

Poden presentarse ao programa tanto centros propios como adscritos das universidades públicas do SUG.



Valorarase moi positivamente, a efectos de futuras compensacións, a proposta de adhesión dun campus de especialización completo.

#### **4. Infraestruturas legadas á docencia**

Unha parte esencial do programa consiste en que os centros acometan investimentos materiais que acompañen o esforzo do profesorado para que a docencia mixta dun título se desenvolva en condicións similares á docencia presencial pura clásica.

É evidente que unha parte importante corresponde ó reforzo formativo do PDI, que se aborda nun apartado máis adiante.

Hai outros aspectos importantes neste capítulo. O primeiro, é a mellora da docencia virtual, que require, esencialmente, investimentos en infraestrutura tecnolóxica. Pode necesitarse adquisición de *hardware*, mellorar as aulas informáticas do centro, e outros epígrafes similares para que o sistema *online* do centro poida resistir sen incidencias o previsible aumento do tráfico.

Un terceiro aspecto está nas compras de materiais docentes adaptadas á nova realidade. Neste campo destacan, loxicamente, os materiais escritos, como manuais, que poden requirir licencias para o alumnado. O obxectivo é que o alumnado teña ao seu dispor en físico nas bibliotecas e en virtual nas aulas virtuais, a totalidade do material docente básico que precise para obter a máxima cualificación nunha materia. Tamén o resto de material como programas informáticos especializados, simuladores, e calquera outro material alternativo a actividades físicas prácticas contidas na guía docente.

Un punto final se corresponde coas posibilidades de seguimento virtual do alumnado. A crise do segundo cuadrimestre do curso 2019-20 fixo que as universidades detectaran as necesidades entre o seu alumnado en posesión dun equipo mínimo informático e de conectividade para seguir actividades virtuais de docencia e exame.

As universidades responderon de seguido con préstamos gratuítos de equipos e *routers*, entre outros. Semella lóxico que os centros que se integren no programa requiran ao comezo de curso unha información similar ao seu alumnado para poder atallar os casos de fenda dixital que se detecten de maneira inmediata.

E, por último, hai outra serie de accións que, no novo escenario, deben abordar os centros. Referímonos aos programas de difusión e promoción *online*. Entre eles están:

- A xeración de *leads*. Necesario para aumentar a xeración de tráfico mediante un programa de desenvolvemento da web e optimización SEO.
- Programa de creación de contidos. Nos medios dixitais actuais, é vital a xeración de gran cantidade de contido multimedia relevante e actualizado, con gran variedade de formatos que non só se adapten ao medio, senón que o aproveiten maximizando as súas vantaxes. Isto abarca dende os textos e imaxes que aparecen nos anuncios pagados ata as publicacións en redes sociais e noticias na web.

En resumo, é necesario achegar contido regularmente a todas as plataformas nas que estarán presentes a facultade e o grao. Pode ser necesario nestes aspectos a contratación dun deseñador gráfico/ *community manager*, que deseñe, calendarice, actualice e publique contido regularmente e enfocado ao cumprimento dos obxectivos da facultade.

## **5. Plan de formación en competencias dixitais do PDI**

Programa de formación de formadores.

Se queremos lograr una posición diferencial destes graos respecto doutras titulacións do Sistema Universitario de Galicia é imprescindible que o claustro que o imparta conte cun claro diferencial respecto do que habitualmente desenvolva as súas actividades noutros programas.

Algunhas características directamente relacionados con cada perfil e a preparación dos profesores son:

- Que los profesores contén, ademais dos coñecementos técnicos propios da materia a impartir, cunha formación actual e eficaz en metodoloxía docente no ámbito do ensino e que non son habituais en nosos graos. Nos referimos a metodoloxías participativas, gamificación, role play, dinámicas experienciais, etc. As universidades galegas, nas normativas e documentos emitidos dende mediados de marzo, están a incluír nalgún deles, unha listaxe completa de todas as metodoloxías alternativas que pode empregar o profesorado.
- Que fagan mais énfase no aprendizaxe que no estudo. Non basta con ser un experto, é tanto ou mais importante saber deseñar, construír e impartir unha sesión formativa de carácter motivador.
- Que exista un nexa de unión, un argumento que sirva para vertebrar o grao no seu conxunto, e que os profesores, sexan da área de coñecemento que sexan, estean formados nun linguaxe común, que non é outro que o da metodoloxía para desenvolver un plan de transformación dixital que permita acadar o conxunto de competencias previsto na memoria da titulación.

Outro punto fundamental no plan de formación é o da creación e posta á disposición do Grao dun equipo experto en desenvolvemento de materiais para a formación *online*, composto por un experto na materia (con experiencia previa en autoría e desenvolvemento de materiais *online* en universidades non presenciais e un asistente de apoio para axudar aos profesores a converter os seus materiais convencionais en materiais *online* de calidade.

## **6. Implantación da formación *blended* no SUG: Deseño, planificación, coordinación e monitorización do proceso de transformación**

O proceso de soporte a dita transformación implica a selección de FEUGA como elemento de coordinación e apoio ás Universidades (centros e Campus) que se incorporen ao proceso. Para iso Feuga, co soporte dun servizo de consultoría externa, afrontará á totalidade do proceso.

Índice

---

<b>1. Reflexiones previas.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Un Modelo Blended de Calidad: Definición .....</b>	<b>4</b>
<b>3. Modelo Blended de Calidad MB-SUG: Parámetros .....</b>	<b>7</b>
3.1 Diseño Instruccional.....	7
3.2 Modelo de impartición.....	9
3.3 Contenidos.....	10
3.4 Evaluación .....	12
3.5 Tecnología .....	17
<b>4. Planificación del Modelo Blended - SUG.....</b>	<b>18</b>
4.1 <i>FASE 1: Mayo – Septiembre 2020.....</i>	18
4.2 <i>FASE 2: Septiembre 2020 – Septiembre 2021 .....</i>	20
<b>5. Cronograma de seguimiento de acciones .....</b>	<b>23</b>
5.1 <i>FASE 1: Mayo – Septiembre 2020.....</i>	23
5.2 <i>FASE 2: Septiembre 2020 – Septiembre 2021 .....</i>	23
<b>ANEXO I .....</b>	<b>24</b>
FUNCIONALIDADES BÁSICAS .....	24
FUNCIONALIDADES AMPLIADAS .....	25
FUNCIONALIDADES DE ALTO VALOR:.....	27

## 1. Reflexiones previas

---

La transformación de un modelo de formación presencial a un modelo blended para el Sistema universitario de Galicia (SUG), se enmarca en un **Plan Integral de refuerzo a la docencia** que parte de la situación sanitaria de la COVID-19 y busca reforzar, mejorar y cambiar el ámbito de la docencia introduciendo un modelo educativo blended, que dé respuesta a las directrices del regreso a las aulas en septiembre con un formato de **presencialidad flexible (reversible)** y **dos sistemas de evaluación**.

La motivación de este documento, enmarcado en las directrices establecidas por el Ministerio de Educación dirigidas a garantizar la salud pública en el entorno educativo, implica un cambio en el enfoque de la educación presencial, dando paso a un modelo blended con el objetivo de proporcionar una respuesta educativa de calidad a todos los estudiantes universitarios, respetando las restricciones de distanciamiento social del alumnado, del profesorado y del resto de personal de los centros educativos.

Esta apuesta de la Xunta de Galicia por el modelo blended, en el marco de una crisis sanitaria, favorecerá la reducción de la ocupación en las aulas universitarias sin perder los beneficios de la presencialidad e **impulsando entre**

**sus estudiantes y docentes competencias digitales, al compaginar presencialidad y virtualidad.**

Las universidades que integran este nuevo modelo blended dispondrán de un **sistema bimodal** que las capacitará para garantizar la enseñanza, tanto en este momento excepcional como en circunstancias de normalidad (ofreciendo un servicio nuevo a sus estudiantes). Además, las instituciones estarán mejor preparadas para disponer de un **plan de contingencia** que pueda adoptarse de manera rápida y eficaz ante posibles futuros imprevistos similares a los desencadenados por la pandemia generada por la COVID-19.

## **2. Un Modelo Blended de Calidad: Definición**

---

Un modelo educativo *blended* parte de la premisa de que **el uso de las TIC para crear espacios virtuales de relación, docencia y aprendizaje y el uso de espacios físicos (aulas, laboratorios, salas de creación, etc.) en edificios se concibe como un todo integrado**. Ambos entornos tienen un rol de igual relevancia y se combinan desde un enfoque holístico para sacar el máximo partido a cada uno de estos escenarios. La complementariedad entre ellos no se basa en el rol accesorio de uno de ellos respecto al otro, sino en generar una propuesta formativa de alta calidad que los integre para aprovechar los puntos fuertes de cada uno de ellos.

El modelo educativo *blended* que se propone **se centra en el estudiante**, y tiene como **eje clave del aprendizaje las horas reales que éste dedica a todas las tareas y actividades** necesarias para superar cada una de las asignaturas de una titulación. A partir de la adopción de los acuerdos de Bolonia (1999), en el cómputo de estas horas se tienen en cuenta tanto las actividades docentes dirigidas como las realizadas autónomamente por el estudiante.

*Artículo 3. Concepto de crédito.*

*El crédito europeo es la unidad de medida del haber académico que representa la cantidad de trabajo del estudiante para cumplir los objetivos del programa de estudios... En esta unidad de medida se integran las enseñanzas teóricas y prácticas, así como otras actividades académicas dirigidas, con inclusión de las horas de estudio y de trabajo que el estudiante debe realizar para alcanzar los objetivos formativos propios de cada una de las materias del correspondiente plan de estudios.*

*BOE, núm. 224, de 18/09/2003*

Teniendo en cuenta que en el modelo propuesto **el entorno físico de docencia y aprendizaje se ve ampliado por un entorno virtual** en el que se pueden desarrollar docencia y aprendizaje en línea, el diseño de la acción docente y del aprendizaje de los estudiantes puede materializarse de manera distinta en función de la coincidencia o no coincidencia de docente y estudiante tanto en el tiempo como en el espacio. Así pues, **se podrán combinar actividades presenciales o actividades en un entorno virtual, y actividades que requieran sincronía con otras que permitan la asincronía.**

Tomando como base estas consideraciones, se propone que, en la implementación de este modelo blended, las **asignaturas de prácticas y laboratorios o instalaciones similares se mantengan en formato presencial**. Para el resto de asignaturas se pedirá a los docentes que reformulen las asignaturas en base al planteamiento del modelo holístico aquí expuesto.

Estos porcentajes de formación presencial y formación en línea podrán tener un distinto peso en función de las características de cada asignatura. No obstante, **el modelo será lo suficientemente flexible como para migrar de un entorno a otro y para adaptarse a las circunstancias en función de la fase de la pandemia** en la que se encuentre el país en el momento de la aplicación de la propuesta.

### **EL MODELO BLENDED : ESCENARIOS PARA EL PROCESO DE ENSEÑANZA – APRENDIZAJE**

Teniendo en cuenta los **ejes sincronía/asincronía y presencialidad/online**, se plantean **tres escenarios** de enseñanza-aprendizaje distintos, cada uno de ellos para cubrir unos objetivos de aprendizaje muy diferenciados, pero todos ellos necesarios para el modelo blended que se plantea.

